

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2018 pola que se fai público o Acordo do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, polo que se delegan na Presidencia desta as competencias do Consello Reitor, previstas nos artigos 13.3.m) e 23.5 da Lei 6/2017, e parcialmente as competencias previstas no artigo 16.4 no que atinxe á resolución de recursos de alzada contra actos administrativos que emita a Dirección con motivo da resolución dos procedementos sancionadores que lle competen en virtude do previsto no artigo 144.1.a) da dita Lei 6/2017.

No *Diario Oficial de Galicia*, no núm. 236, do día 14.12.2017 publicouse a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

A disposición derradeira segunda desta lei dispón que esta entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Xa que logo, a dita Lei 6/2017, entrou en vigor o día 14.6.2018.

A disposición derogatoria única da tamén Lei 6/2017 dispón que:

1. Quedan derogadas as disposicións seguintes:

a) A Lei 6/1987, do 12 de xuño, do Plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

2. Quedan, así mesmo, derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

En consecuencia, o Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, resulta aplicable en canto non se opoña ao establecido na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

A entrada en vigor o día 14 de xuño de 2018 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, implica, en virtude do disposto na súa disposición derogatoria única, a derogación expresa e formal da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente



público Portos de Galicia, unha vez que a organización portuaria de Galicia e o estatuto orgánico da entidade pública empresarial Portos de Galicia se regulan agora no título I da Lei 6/2017.

Xa que logo, o artigo 13 (O Consello Reitor) da Lei 6/2017 xa referida,

DISPÓN:

«1. O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno da entidade pública empresarial.

2. O Consello Reitor estará constituído pola Presidencia e a Dirección da entidade e mais polo número de vogais que se estableza regulamentariamente, nomeados estes pola persoa titular da consellaría competente en materia de portos, entre os que, en todo caso, estarán representadas a consellaría competente en materia de facenda e as distintas consellarías que poidan ter intereses na materia por razóns da súa competencia, en especial a consellaría competente en materia de pesca, así como as entidades locais, as corporacións e as entidades, organizacións e asociacións máis representativas das persoas usuarias».

O Decreto 227/1995, do 20 de xullo, no seu artigo 10, regulou a composición do Consello de Administración de Portos de Galicia establecendo que estaría integrado por dez vogais representantes da Administración Autonómica (entre elas a de Facenda), sete vogais en representación dos sectores económicos relacionados coas actividades portuarias (tres das confrarías de pescadores ou asociacións de produtores, un por cada provincia costeira; tres polas cámaras de comercio de Galicia, un por cada provincia costeira e a cota de asociacións de exportadores e vendedores, consignatarios e sectores de actividades portuarias tales como produtores de mexillón, conserveiros, industria do frío e armadores), tres vogais en representación das administracións locais (un por cada provincia costeira), e un en representación do persoal do ente público.

Polo exposto, a composición actual do Consello respecta os parámetros de representación establecidos no artigo 13.2 da Lei 6/2017.

Xa que logo, considerando de interese público manter a continuidade xurídica no funcionamento da entidade pública Portos de Galicia entrementes non se aproba o regulamento previsto no anterior artigo 13 da Lei 6/2017, debe entenderse que neste punto a regulación que o dito Decreto 227/1995 realiza no seus artigos 11 e 14 (este regula o funcionamento do Consello de Administración de Portos de Galicia canto, en resumo, a convocatoria, quórum e réxime de acordos) non se opón canto á composición e regras de funcionamento ao esta-



blecido na Lei 6/2017 nin ao establecido nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, nin ao establecido nos artigos 15 a 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Administración xeral e do sector público de Galicia.

Ben que as competencias do Consello Reitor conforme a Lei 6/2017 son as que deben aplicarse canto ás materias de competencia deste, no funcionamento do órgano colexiado cabe a aplicación das normas fixadas no artigo 14 do dito Decreto 227/1995. En todo caso as referencias a este deben quedar entendidas e suplidas polas do Consello Reitor. O Consello de Administración, agora Reitor, de Portos de Galicia é o órgano colexiado de goberno da entidade pública Portos de Galicia.

Neste sentido, a regulación dese estatuto orgánico e na distribución competencial entre os órganos da entidade inclúense algunhas novidades lexislativas baseadas na experiencia e outras determinadas pola necesaria adaptación á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ben que, ao mesmo tempo, se mantén de maneira case invariable a asignación de competencias que xa figuraba na Lei 5/1994, e entre as ditas competencias atribuídas ao Consello de Administración, que pasa a denominarse Consello Reitor, constan competencias que, no seu momento, foron expresamente delegadas no presidente da entidade por motivacións e para responder a necesidades que se manteñen na actualidade.

Na súa sesión do 23 de xullo de 1997, o Consello de Administración delegou no presidente, entre outras competencias, a prevista no artigo 7.3.g) da Lei 5/1994, relativa á promoción e exercicio no ámbito da súa competencia de toda clase de pretensións, accións e recursos perante calquera órgano da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e das administracións locais, así como perante os xulgados e tribunais de xustiza de calquera órgano ou xurisdición, desistir dos formulados ou interpostos e transixir nas cuestións litixiosas, conferindo para o efecto as procuracións oportunas.

Esta competencia, formulada co mesmo teor literal inclúese entre as funcións do Consello Reitor no artigo 13.3.m) da Lei 6/2017.

Na súa sesión do 30 de xullo de 1998, o Consello de Administración delegou no presidente a competencia prevista no artigo 17.4 segundo parágrafo da Lei 5/1994, relativo ao desmantelamento e, se é o caso, venda de bens mobles para aplicar o seu produto ás atencións propias do ente sen necesidade de declaración previa de desafección do servizo.

Esta competencia, formulada co mesmo teor literal, inclúese no artigo 23.5 da Lei 6/2017, relativo ao patrimonio da entidade pública.



Finalmente, na súa sesión do 28 de xullo de 2008, o Consello de Administración efectuou no presidente unha delegación parcial das competencias previstas neste caso no artigo 6.2 do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia, sobre resolución dos recursos dealzada dos actos suxeitos a dereito administrativo emitidos pola Dirección, no que atinxe á resolución dos recursos de alzada interpostos contra resolucións sancionadoras emitidas pola Dirección ao abeiro do establecido no artigo 39.1.a) do regulamento do ente.

A regulación contida no artigo 6.2 do D. 227/1995 trasládase agora ao artigo 16 da Lei 6/2017, sobre actos administrativos da entidade pública empresarial e, en concreto, ao seu número 4, mentres que a competencia prevista no artigo 39.1.a) do D. 227/1995, que atribúe á Dirección a competencia para a imposición de sancións por infraccións leves sancionadas con contías inferiores a 100.000 pesetas, se regula agora no artigo 144.1.a) da Lei 6/2017, que atribúe á persoa titular da Dirección a competencia para a imposición de sancións nos supostos de infraccións leves con contías inferiores a 10.000 euros.

Como se expón con anterioridade, as delegacións enumeradas responden a necesidades e motivacións que se manteñen invariables na actualidade.

No que atinxe ao exercicio de pretensións, accións e recursos, o carácter preclusivo dos prazos e a existencia de validez formal que deben de reunir estes actos, considerando, asemade, a amplitude con que se formula o precepto que alude a calquera clase de accións fronte a calquera Administración, fai necesario que Portos de Galicia para a defensa dos seus dereitos estea dotado de mecanismos áxiles que permitan responder a situacións diversas coa urxencia que requiran as circunstancias.

O mesmo acontece coas facultades de acordar o desmantelamento e o destino ulterior que se deba de dar a bens mobles, sexa este o de alleamento que, por outra parte, o artigo 79 da Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia atribúe aos órganos unipersoais de goberno das entidades públicas instrumentais, ou o de traslado a vertedoiros para o seu tratamento como residuo; cómpre ter en conta que esta competencia alude non unicamente a bens mobles integrados na actualidade no patrimonio da entidade senón tamén a todos aqueles, embarcacións, vehículos ou outra clase de obxectos que, día tras día, son obxecto de incautacións por débedas ou pola súa situación de abandono.

Finalmente, o número de sancións que se tramitan anualmente en continuo aumento, unido á litixiosidade desta clase de procedementos e ao feito de que, dada a distribución de competencias, con máis motivo coa entrada en vigor da Lei 6/2017, vai determinar que a in-



mensa maioría das sancións serán impostas pola Dirección, fai necesario, dado o carácter preclusivo dos prazos de tramitación e de prescrición destes procedementos, a necesidade de manter a delegación no presidente da resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións que emita a Dirección nesta materia.

A derogación expresa da Lei 5/1994 e a derogación puntual dos preceptos que se indican do D. 227/1995, tras a súa inclusión na Lei 6/2017, fan necesario que as competencias indicadas sexan obxecto dun novo acordo de delegación.

Así pois, na súa sesión do pasado 22 de xuño de 2018, o Consello Reitor, ao abeiro do previsto no artigo 13.3.n) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, acordou delegar no presidente da entidade as competencias previstas nos artigos seguintes:

1. A competencia do Consello Reitor prevista no artigo 13.3.m) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, relativa a promover e exercer, dentro do ámbito da súa competencia, toda clase de pretensións, accións e recursos perante calquera órgano da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e das administracións locais, así como perante os xulgados e os tribunais de xustiza de calquera grao e xurisdición, desistir das pretensións e accións formuladas ou dos recursos interpostos e mais transixir nas cuestións litixiosas, conferindo para o efecto as procuracións oportunas.

2. A competencia do Consello Reitor do artigo 23.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, relativa que a aquel Consello, sen necesidade da declaración previa da desafectación do servizo, poderá acordar o desmantelamento e, se é o caso, a venda dos demais bens mobles, e aplicará o seu produto ás atencións propias da entidade.

3. Parcialmente a competencia prevista no artigo 16.4 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, no que atinxe á resolución de recursos de alzada contra actos administrativos que emita a Dirección con motivo da resolución dos procedementos sancionadores que lle competen en virtude do previsto no artigo 144.1.a) da dita Lei 6/2017.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administracións xeral e do sector público autonómico de Galicia e no artigo 9.3 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

